



Escudería A. Ferrol

CAMPIONATO DE GALICIA DE RALLYMIX 2018

FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO



FEDERACION GALEGA
DE AUTOMOBILISMO

E-Mail: fga@fga.es
http://www.fga.es
Tlfno: 988 272 841 - Fax: 988 271 461
Ctra. de Vigo, 43 Baio - O Pino
32001 OURENSE



TECNI SYSTEM BROKER
CORREDURIA DE SEGUROS, S.L.



DEPORTE
GALEGO

galicia

XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte

REGULAMENTO PARTICULAR TIPO



PROBA: I RALLYMIX CONCELLO DE PONTEDEUME

PROVINCIA: A CORUÑA

DATA: 19 E 20 DE MAIO DE 2018



INDICE

TITULO I: PROGRAMA HORARIO

TITULO II ...: ORGANIZACION

Art. 1 Organización

TITULO III ..: MODALIDADES XERAIS

- Art. 2 Puntuabilidade
- Art. 3 Descripción
- Art. 4 Vehículos Admitidos
- Art. 5 Concursantes Admitidos
- Art. 6 Solicitude de Inscripción - Inscripcións
- Art. 7 Dereito de Inscripción - Seguros

TITULO IV ...: OBLIGACIONES XERALES

Art. 8 Publicidade

TITULO V: DESENROLO DA PROBA

- Art. 9 Recoñecemento
- Art. 10 Hora Oficial do Rallye
- Art. 10 Penalizacións
- Art. 11 Premios

PROGRAMA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

ANEXO I: LICENCIAS VÁLIDAS PARA A TEMPADA 2018 (ANUARIO F.G.A.)

ANEXO II: FOLLA DE RUTA (ROAD BOOK) STANDARD

ANEXO III ..: TERMINOLOXIA

ANEXO IV ...: ENCARGADO DAS RELACIONES COS CONCURSANTES

ANEXO V ...: ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

ANEXO VI ...: ITINERARIO – HORARIO

ANEXO VII ...: PARQUE PECHADO, DE TRABALLO, E FINAL DE ASISTENCIA, SERÁ O MÁIS PERTO DA SAÍDA DO RALLYMIX.



Escudería A. Ferrol

1.- PROGRAMA.

Data	Horario	PROGRAMA	LUGAR
01.05.2018	10:00	Apertura de inscricións (pilotos inscritos Campionato Galego).	Escudería A. Ferrol Avda. Castelao, S/N. 15406 Ferrol escuderiaferro.1@gmail.com 680 944 696
	11:00	Apertura de inscricións (resto de pilotos).	
17.05.2018	20:00	Peche de inscricións	
18.05.2018	18:00	Publicación lista de inscritos	
Sábado 19.05.2018	09:30	Distribución da folia de ruta para o recoñecemento libre dunha única pasada polo treito a unha velocidade non superior ós 60 km.	AUTOBÚS F.G.A. E PARQUE DE TRABALLO
	09:30	Entrega de documentación	
	De 09:30 a 11:00	Verificacións Administrativas: Mesa A: Carcross Mesa B: Atmosféricos Mesa C: Turbos	
	De 09:30 a 11:30	Verificacións Técnicas: Calle A: Carcross Calle B: Atmosféricos Calle C: Turbos	
	De 09:30 a 11:00	O recoñecemento libre só se autorizará o sábado pola mañá, de 9:30 a.m. a 11 a.m. e terase que facer a velocidade moderada, non pasando de 60km. por hora en todo o treito, en vehículos de calle.	2 pasadas máximo por participante
	12:30	Hora límite presentación vehículos no parque de presaída.	
	13:00	Publicación lista vehículos autorizados a toma-la saída	AUTOBÚS F.G.A.
	13:30	Saída 1º participante 1ª pasada	TREITO
	16:30	Saída 1º participante 2ª pasada	
	19:30	Saída 1º participante 3ª pasada	
11:30	Saída 1º participante 4ª pasada		
Domingo 19.05.2018	13:30	Saída 1º participante 5ª pasada	AUTOBUS F.G.A.
	16:00	Publicación de resultados	
	16:30	Entrega de premios e trofeos	PONTEDEUME
	17:00	Rolda de prensa dos vencedores de cada Agrupación (6)	

Nota: Levantamento vehículos parque pechados: Ós trinta minutos da publicación oficial da clasificación. Por ilo, ao devehñir en firme a mesma, **autorízase a tódolos participantes a sacalos vehículos dos parques** pechados, sen ter que esperar ás entregas de premios.

TABOLEIRO OFICIAL DE AVISOS.

Dende o día (Sábado) 19 de MAIO de 2018 as 09:00 horas, ata o día (Domingo) 20 de MAIO de 2018 as 16:30 horas estará situado no Autobús da F.G.A. permanente do RallyMix, emprazado no parque de traballo-parque pechado.

2.- ORGANIZACIÓN.

Artigo 1.- Organización.

Artigo 1.1.- Definición:

A ESCUDERIA A. FERROL organiza o I RALLYMIX CONCELLO DE PONTEDEUME que se desenrolará desde os días 19 de MAIO ó día 20 de MAIO do ano 2018.

Este RallyMix disputarase dacordo co establecido nas prescricións comúns ós Campionatos e Copas de Galicia 2018, as prescricións comúns para rallyes, montaña, autocross, slalom, todoterreo, o regulamento xeral, e o presente regulamento particular da proba, no C.D.I. (e os seus anexos), as prescricións xerais aplicadas a tódolos Campionatos e Copas F.I.A., no seu caso, as condicións de organización comúns ós Campionatos do Mundo, de Europa, e os Regulamentos Xerais dos mesmos, aprobados pola Federación Galega de Automobilismo o día 25.04.2018. A proba ten o Permiso de Organización da Federación Galega de Automobilismo número GA-018-RX.



Artigo 1.2.- Comité de Organización:

Presidente:

D. PEDRO AMADO LOPEZ

Vocais:

D. JOSE DANIEL REY MOSQUERA

D^a. MARIA CARMEN PONCE PITA

D. JOSE PENA VAZQUEZ

D. EDUARDO PIÑON ROCA

D. OSCAR RODRIGUEZ FORMOSO

Secretario:

D. FRANCISCO J. COSTILLA ARROYO

Dirección da Secretaría do Comité Organizador:

Escudería A. Ferrol

Rúa Castelao, S/n.

15404 Ferrol (A Coruña)

Tlf.: 696491632

www.escuderiaferro.com

escuderiaferrol.1@gmail.com

Artigo 1.3. Oficiais:

Presidente Escudería/Comité Organizador:

D. Pedro Amado Lopez

DC1^a-1235-GA.

Comisarios Deportivos:

Presidente: D. José Daniel Rey Mosquera

DC1^a-1236-GA.

D. Francisco Costilla Arroyo

CD-1488-GA.

D. Eloy Amado López

CD-1489-GA.

Observador da F.G. de A.:

D. Benjamín Castiñeiras Castro

OBS-0019-GA.

Director da Carreira-Oficina/Autobús:

D^a. María del Carmen Ponce Pita

DC1^a-1237-GA.

Comisarios Técnicos:

Presidente: D. Pablo López Pérez

JOC1^a-0938-GA.

Responsable Equipos Cronometraxe:

D^a. Silvia Costilla Abalde

JOB-1382-GA.

Vehículo "XEFE SEGURIDADE VIAL":

D. Pedro Amado Lopez

DC1^a-1235-GA.

Vehículo "0" (DIRECTOR NA ESTRADA):

Verde

D^a. María Pico García

CD1^a-1585-GA.

Vehículo "00" (ESCOBA):

Bermello

D. José Pena Vázquez

CD1^a-1586-GA.

Servicio vehículos de rescate: TEAM MEDICAL GALICIA

Servicio informático: FEDERACION GALEGA DE AUTOMOBILISMO

Servicio de ambulancias: A DESIGNAR

Centros asistenciais: HOSPITAL FERROL ARQUITECTO MARCIDE

Servicio de grúas: A DESIGNAR



O Vehículo "0" pasará diante do primeiro participante coa antelación suficiente para non ser alcanzado polo mesmo. O Vehículo "00" pasará xusto detrás do derradeiro participante. Estes dous vehículos terán que ser pilotados por Oficiais con licencia CD1ª, expedida pola F.G. de A., e á súa vez deben ser incluídos no Seguro contratado polo Organizador para a cobertura da Proba.

3.- MODALIDADES XERAIS.

Artigo 2.- Puntuabilidade.

O I RALLYMIX CONCELLO DE PONTEDEUME é puntuable para os seguintes Campionatos e Trofeos:

- Campionato Clase A.
- Campionato Clase B.
- Copa de Galicia de RallyMix para Pilotos.
- Copa de Galicia de RallyMix para Navegantes.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 1.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 2.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 3.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 4.
- Copa de Galicia de RallyMix para AGRUPACIÓN 5.
- Copa de Galicia de RallyMix para Escuderías (debidamente rexistradas e en posesión de licencia de concursante expedida pola F.G. de A.).
- 4ª Copa Pirelli K6.
- 2ª Copa Propulsión RallyMix 2018.

Artigo 3.- Descrición.

O I RALLYMIX CONCELLO DE PONTEDEUME consta dun percorrido de 20 Kms., dos cales 7,56 Kms. corresponden a 1 treito cronometrado por pistas de terra/asfalto pechada ó tráfico; está dividido en dúas etapas e 5 pasadas polo mesmo treito. O Itinerario-Horario figura no Anexo III do presente Regulamento.

Na folia de ruta consta detallado o percorrido.

O RallyMix terá no mesmo lugar un parques de traballo/parque pechado.

Artigo 4.- Vehículos admitidos.

4.1.- En tódolos RallyMix, puntuables para o Campionato e Copas de Galicia, serán admitidos os vehículos seguintes:

- Tódolos Agrupacións do regulamento do Campionato de Rallyes 2018 serán admitidos a participar.
- Os vehículos de Montaña das Agrupacións 1, 2, 3, 4 e 5, ó selo circuito pechado tipo da especialidade de Montaña/Rallymix.
- Os vehículos de Autocross das Clases I, II, III e IV.
- Os quad biplazas, con volante ou prototipos, autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo, inclúense a tódolos efectos de participación e de premios na Agrupación 1, saíndo despois dos carcross e deseguido, antes dos vehículos carrozados.
- Os carcross, da especialidade de Autocross, admítense con clasificación independente (Clase A) farase unha clasificación xeral scratch exclusiva con premios en metálico e trofeos.

4.2.- Tódolos vehículos deberán cumprir co regulamento técnico do seu campionato de procedencia, agás os vehículos turboalimentados, ou con compresor, que non terán obriga de instalar ningún tipo de brida restrictora, sendo libre o instalala ou non.

4.3.- Os vehículos deberanse presentar ás verificacións nun estado impecable de chapa e pintura, non presentando ningunha arista cortante na súa carrocería.

4.4.- CLASES:

CLASE "A":

AGRUPACIÓN 1: Vehículos carcross ata 600 c.c., dúas rodas motrices e sen diferencial nin autolocante, e vehículos quad tipo Polaris e demais homologados pola F.G. de A.

CLASE "B":

AGRUPACIÓN 2: Vehículos ata 1.600 c.c.

AGRUPACIÓN 3: Vehículos máis de 1.600 c.c. ata 2.000 c.c.

AGRUPACIÓN 4: Vehículos máis de 2.000 c.c. ata 3.000 c.c.

AGRUPACIÓN 5: Máis de 3.000 c.c. e prototipos de 1 ou 2 motores de moto ou vehículos SCC.

4.5.- A tódolos efectos, considerase constituída unha clase, coa saída dun só vehículo.

Artigo 5.- Concursantes admitidos. Para participar nos Campionatos e Copas de Galicia esterase ó disposto no anexo I do Anuario Deportivo 2018 publicado pola Federación Galega de Automobilismo. Tódolos pilotos deberán ter o Carnet de conducir en vigor.



Artigo 6.- Solicitude de inscrición-inscricións.

6.1.- Toda persoa que desexe participar no I RALLYMIX CONCELLO DE PONTEDEUME deberá remiti-la solicitude de inscrición, debidamente cumprimentada, á secretaria do RallyMix, sita en:

Escudería A. Ferrol

Rúa Castelao, S/n.

15404 Ferrol (A Coruña)

Tlf.: 696491632

www.escuderiaferro.com

escuderiaferrol.1@gmail.com

PARA FACER AS INSCRICIÓNs:

www.fga.es

<https://goo.gl/forms/A6tA9Q9ZxU7ojPRs1>

ANTES DAS 20 HORAS DO DÍA 17 de MAIO de 2018

Os datos relativos ó copiloto (optativo), con ou sen copiloto, poden ser completados ata o día 18 de maio de 2018.

6.2.- O nº de inscritos fíxase nun máximo de 150 vehículos.

6.3.- Os dereitos de inscrición poderán ser satisfeitos de calquera das formas seguintes:

.- Na conta corrente nº ES41 2100 5486 5002 0001 8971 de LA CAIXA Sucursal de PONTEDEUME.

6.4.- Admitiránse inscricións condicionadas, unha vez superado o número de inscritos fixado como máximo.

6.5.- A orden de recepción da solicitude de inscrición, así como dos dereitos de inscrición, será determinante para a confección da Lista de Inscritos, e dos dereitos de participación adquiridos.

Artigo 7.- Dereitos de inscrición-seguros.

7.1.- Os dereitos de inscrición fíxanse en:

7.1.1.- **275,00 €** aceptando a publicidade facultativa proposta polos Organizadores.

7.1.2.- **550,00 €**. Refusando esta publicidade. (Este valor como máximo debe selo dobre que o apartado 7.1.1.).


7.2.- A solicitude de inscrición non se aceptará se non vai acompañada dos dereitos de inscrición abonados.

7.3.- Os dereitos de inscrición comprende o seguro garantindo a responsabilidade civil fronte a terceiros, de acordo coa regulamentación da Federación Galega de Automobilismo.

4.- OBRIGACIÓNs XERAIS.

Artigo 8.- Publicidade. A Publicidade proposta polo organizador será a seguinte:

Obrigatoria



Facultativa

A DESIGNAR

Os concursantes que acepten a publicidade facultativa proposta polos organizadores deben reserva-los emprazamentos seguintes (según a normativa da F.G.A.):

A DESIGNAR

5.- DESENROLO DA PROBA. O desenrolo do RallyMix terá dúas mangas de recoñecemento libre o sábado, de 9 a.m. a 11 a.m., con controis de radar non podendo superar, no recoñecemento do treito, os 60 kms./hora. e cinco oficiais a disputar entre sábado e o domingo, sumando as cinco mangas oficiais para obter a clasificación final do RallyMix (asfalto-terra).

Artigo 9.- Normas, duración e clasificación da proba.



- 9.1.- O treito terá unha lonxitude mínima de 6 kms. e máxima de 12 kms. (a F.G. de A. por motivos de seguridade, ou interese, poderá autorizar modificacións puntuais no quilometraxe).
Para este tipo de probas mixtas é obrigatorio que como máximo unha superficie non rebase o 70% da outra. Pódese intercalar asfalto-terra, ou terra-asfalto.
- 9.2.- Obrígase que a saída e a chegada fágase en asfalto, pola saúde e pulcritude dos cronometradores, das impresoras de cronometraxe, e vistosidade.
- 9.3.- O número máximo de treitos cronometrados será de un.
- 9.4.- O número máximo de pasadas polo treito será de cinco a computar no RallyMix. Por operatividade o número de pasadas polo treito, o sábado, será 2/3, e o domingo de 3/2. O condicionante da luminosidade, e do número de participantes, autoriza a Exclusivo criterio do Director de Carreira a tomala decisión.
- 9.5.- Nun RallyMix non se poderá utilizar o treito cronometrado, nos dous sentidos.
- 9.6.- Publicaranse unhas medidas de seguridade, especiais e complementarias á normativa F.I.A., para os vehículos de autocross, car cross, trial 4x4, quad, ou prototipos autorizados pola Comisión Técnica da Federación Galega de Automobilismo.
- 9.7.- Entregarase, en tódolos RallyMix, un "Road Book" do treito cronometrado, con fotos a cor dos cambios de asfalto-terra e terra-asfalto. Entregaranse unhas notas, confeccionadas polo organizador da proba.
- 9.8.- **BRIEFING:** O organizador deberá prever un briefing a realizar despois das verificacións e antes da primería manga oficial do sábado. O Director de Carreira reunirá ós pilotos participantes co fin de impartilas normas de condución, e observacións pertinentes. Deberán asistir tódolos pilotos inscritos na proba obrigatoriamente e con control de asinamento so pena de exclusión.
- 9.9.- As curvas estarán sinaladas por dificultade, e grado de inclinación, con frechas direccionais en cores vermello, e amarelo.
- 9.10.- Sinalización, montaxe e seguridade según as prescricións comúns de rallyes da FGA. Colocarase as pancartas F.I.A., segundo o estipulado para sinalizar o treito.
- 9.11.- Taboleiro de avisos: Será obligatoria a instalación dun taboleiro de avisos na secretaría da proba, parque presaída e parque pechado onde estarán expostos (anexos, citacións a participantes, tempos, seguros, etc.). Recomendase tamén a instalación dun panel de tempos situado no parque traballo de fácil acceso ós participantes.

Artigo 10.- Recoñecementos:

- 10.1.1.- Os recoñecementos libres quedan limitados a dúas pasadas polo treito en horario taxado.
- 10.1.2.- A primeira infracción será penalizada cunha sanción económica de 200 €, a abonar polo concursante á Federación Galega de Automobilismo nas 48 horas seguintes á celebración da proba.
- 10.1.3.- A segunda infracción se penalizará con "NON AUTORIZADO A TOMA-LA SAÍDA", pola reincidencia.
- 10.1.4.- Por incorrer nunha infracción nos puntos 10.1.2 e 10.1.3 será obrigatorio dar traslado ó Tribunal Galego de Apelación, para aperturar a incoación do expediente disciplinario no seu caso.
- 10.1.5.- Si unha escudería fai un treito cronometrado, na mesma tempada, non se poderá utilizalo mesmo treito por outra entidade organizadora.
- 10.1.6.- Pola Federación Galega de Automobilismo notificárase ós Sub-Sectores da Garda Civil de Tráfico e Rural, para seguir un control rigoroso e exhaustivo, conforme ó Real Decreto 1428/2003 de 21 de novembro, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Circulación para a aplicación e desenvolvemento do texto articulado da Lei sobre Tráfico, aprobado polo Real Decreto Legislativo 339/1990 de 2 de Marzo, dos recoñecementos e solicitarase o traslado das denuncias (D.G.T.) que se formulen por infraccións á normativa para adoptar-las medidas federativas que no seu caso procedan.
- 10.1.7.- O Comité Organizador designará un Comisario / Controlador, debidamente licenciado e acreditado, que fará partes dos incumprimentos ó Comité Organizador, con posterior traslado ó Colexio de Comisarios Deportivos da proba.
- 10.1.8.- A Federación Galega de Automobilismo designará dous Comisarios / Controladores, debidamente licenciados e acreditados, con poderes sancionadores (radar).
- 10.1.9.- Entregarase unhas pegatinas transparentes e numeradas (de cor laranxa) que terán que ir pegadas no parabrisas dianteiro (lado dereito superior no sentido da marcha), dos vehículos que fagan o recoñecemento autorizado. A falla dela, transitando polo treito, implicará a descalificación a tódolos efectos (con perda dos dereitos de inscrición) para a súa participación na proba, do vehículo participante infractor.
- 10.1.10.- Os recoñecementos libres só se autorizaran o sábado pola mañá, de 9 a.m. a 11 a.m. e terase que facer a velocidade moderada, non pasando de 60km. por hora en todo o treito, en vehículos de calle.
- 10.1.11.- Queda terminantemente prohibido volver a saída polo mesmo treito.
- 10.1.12.- Ós participantes que se atopen recoñecendo o treito, ilegalmente, fora das horas sinaladas serán penalizados con exclusión da proba, a todos os efectos, e apertura de expediente disciplinario.



Artigo 11.- Carrera.

- 2.1.- A oficina oficial da proba estará instalada no autobús da Federación, sito no parque de traballo-pechado.
- 2.2.- O autobús terá instaladas dúas sirenas de barco. Infórmase que para o comezo, aviso, de cada manga de competición farase dende o autobús da Federación cun toque (1 minuto) de 2 sirenas de barco, de 130 dB.
- 2.3.- Saída: O xefe de posto, ou calquera dos Comisarios Técnicos, encargaranse de situar o vehículo e de comprobar as medidas de seguridade do piloto (arnés, casco, vestimenta, etc). Unha vez dada a sinal de saída, ou a posta en funcionamento da pantalla HL-920, se o tempo transcorrido desde dito instante ata a activación do cronometraxe é superior a 30 segundos será causa de penalización en tempo igual ós segundos transcorridos desde a orde de saída (manual ou pantalla HL-920) ata o instante de activación da cronometraxe.
- 2.4.- A saída darase lanzada, entre dous e cinco metros por detrás da célula, e o tempo será a milésima de segundo ao rebasar a célula.
- 2.5.- Calquera participante que non saía no seu número correspondente penalizará 20 segundos, coa salvidade de que se non sae antes do derradeiro participante da súa agrupación contabilizarase como non saído no treito. A normativa faise para favorecer as reparacións dos equipos que o precisen, cunha penalización tasada.
- 2.6.- Todo vehículo alcanzado deberá deixar libre o paso aminorando a marcha e facilitando a manobra do vehículo co alcanza. Si por calquera motivo se ve obrigado a deterse en carreira, o conductor deberá situar o vehículo de forma que non represente un perigo para os demais participantes. Está especificamente PROHIBIDO desprazarse en sentido contrario ó da carreira; o incumprimento desta norma será motivo de EXCLUSIÓN, e proposta de apertura de expediente disciplinario.
- 2.7.- Calquera equipo que non finalice unha manga, daráselle o tempo do peor clasificado, na mesma manga, da Agrupación a que pertenza máis 10 segundos. Terá que estar a disposición, na grella de saída, das seguintes mangas, poderá continuar no RallyMix. Poráselle o peor tempo do derradeiro participante clasificado nas mangas das incidencias sen ningún tipo de penalización ou accidente. Para aparecer na clasificación final terase que completar alomenos un treito ó completo por día (Sábado e Domingo).
- 2.8.- Un participante que teña que parar no treito, por causas alleas a súa vontade, ou impedimento de paso doutro vehículo outorgaráselle o tempo da súa peor pasada. De non existir será a criterio do Colexio de Comisarios Deportivos, ou o peor tempo da súa Agrupación sendo obrigatorio o paso por meta.
- 2.9.- De saír na última manga e non chegar a meta darase o tempo do peor clasificado da súa Agrupación.
- 2.10.- Unha vez rebasada a liña de meta, os participantes deberán dirixirse ao parque de traballo sen deterse no enlace, so pena de EXCLUSIÓN
- 2.11.- Os vehículos avariados ou siniestrados, no treito, serán retirados pola organización, con todoterreos 4x4 (con eslinga); ou con guindastres, se fora preciso, por non poder circular polos seus medios exclusivamente. Os rescates faranse na medida das posibilidades da organización, entre cada manga, e retiranse a totalidade dos vehículos sinistrados ou avariados ó final de cada día do evento deportivo.

Artigo 12.- Parques.

- 1.- O parque pechado, e parque de traballo, poderán ser o mesmo, e sempre en réxime de reparación, coa salvidade do tempo perceptivo da publicación da clasificación final do RallyMix, no que non se poderá manipular o vehículo só pena de exclusión. A súa situación debera estar o máis próxima a saída e meta do treito cronometrado. En caso de que o parque pechado estea noutra ubicación, o organizador debera ter os medios suficientes para garantir o desprazamento dos vehículos dende o parque pechado ata o parque de traballo.
- 2.- Parque de presaída deberá estar delimitado e considerarse parque pechado, debendo entrar nel os participantes na súa orde de saída, non podendo estar dentro do mesmo outros membros do equipo que non sexan os tripulantes do vehículo competidor.

Artigo 13.- Hora oficial do RallyMix.

- 1.- Durante o transcurso do RallyMix, a hora oficial será a emitida polo reloxo atómico do Instituto de Brunswick (Alemania).
- 2.- Os Comisarios Deportivos designarán, in situ, a hora de saída de cada treito. Entregarán ó Relación cos Participantes, antes do comezo da manga, o carnet de ruta a cada participante con sinatura de recibí. A aplicación faise para axilizar o RallyMix, e poder repescar a participantes con problemas, debido á flexibilización dos horarios.

Artigo 14.- Penalizacións. As penalizacións son as previstas no Regulamento-Tipo Xeral de Rallyes da Federación Galega de Automobilismo, publicado no Anuario 2018.



Artigo 15.- Premios.

XERAL SCRATCH "CLASE A"		
AGRUPACIÓN 1 (CARCROSS)		
A.- SI SAEN ATA 15 VEHÍCULOS		B.- SI SAEN MAIS DE 15 VEHÍCULOS
1º 500 € e Trofeo		1º 600 € e Trofeo
2º 400 € e Trofeo		2º 500 € e Trofeo
3º 250 € e Trofeo		3º 350 € e Trofeo
4º 150 €		4º 200 €
		5º 150 €
TOTAL: 1.300,00 €		TOTAL: 1.800,00 €
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 1.300 € ou 1.800 €.		
XERAL SCRATCH "CLASE B"		
AGRUPACIONES 2, 3, 4 e 5		
XERAL	SI SAEN ATA 60 VEHÍCULOS CARROZADOS	
	<i>PREMIOS POR CILINDRADAS</i>	
1º 500,00 € e Trofeo		
2º 400,00 € e Trofeo	ATA 1.600 C.C. (Ag. 2)	MÁIS DE 1.600 C.C. ATA 2.000 C.C. (Ag. 3)
3º 300,00 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
4º 250,00 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo
5º 200,00 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo
6º 150,00 €		
7º 100,00 €	MÁIS DE 2.000 C.C. ATA 3.000 C.C. (Ag. 4)	MÁIS DE 3.000 C.C. (Ag. 5)
8º 100,00 €	1º 250 € e Trofeo	1º 250 € e Trofeo
9º 100,00 €	2º 200 € e Trofeo	2º 200 € e Trofeo
10º 100,00 €	3º 150 € e Trofeo	3º 150 € e Trofeo
TOTAL: 2.250,00 €	TOTAL: 2.400,00 €	
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 4.650 € EUROS.		
XERAL	SI SAEN + 60 VEHÍCULOS	
	<i>PREMIOS POR CILINDRADAS</i>	
1º 750,00 € e Trofeo		
2º 600,00 € e Trofeo	ATA 1.600 C.C. (Ag. 2)	MÁIS DE 1.600 C.C. ATA 2.000 C.C. (Ag. 3)
3º 500,00 € e Trofeo	1º 350 € e Trofeo	1º 350 € e Trofeo
4º 400,00 €	2º 250 € e Trofeo	2º 250 € e Trofeo
5º 350,00 €	3º 200 € e Trofeo	3º 200 € e Trofeo
6º 300,00 €		
7º 250,00 €	MÁIS DE 2.000 C.C. ATA 3.000 C.C. (Ag. 4)	MÁIS DE 3.000 C.C. (Ag. 5)
8º 200,00 €	1º 350 € e Trofeo	1º 350 € e Trofeo
9º 150,00 €	2º 250 € e Trofeo	2º 250 € e Trofeo
10º 100,00 €	3º 200 € e Trofeo	3º 200 € e Trofeo
TOTAL: 3.600,00 €	TOTAL: 3.200,00 €	
TOTAL PREMIOS EN METÁLICO: 6.800 € EUROS.		

Será obrigatorio que o piloto recolla o Trofeo na Entrega de Premios, co mono de competición debidamente abrochado, só, e sen familiares, siareiros, nin mecánicos.

Don María del Carmen Ponce Pita, provisto da licencia do Colexio de Oficiais de Automobilismo de Galicia, co número DC1ª-1237-GA, solicito a aprobación do presente regulamento particular da proba á Federación Galega de Automobilismo.

Fdo: Director da Carreira
N.I.F.: 32672146W
Licencia DC1ª-1237-GA

Entidade: Escudería A. Ferrol
C.I.F.:G15115660
Fdo: Presidente D. Pedro Amado Lopez
Licencia DC1ª-1235-GA

Fdo: Xefe de Seguridade Vial
N.I.F.: 32670432J
Licencia DC1ª-1235-GA

Selo do Clube.



PROGRAMA - HORARIO DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS

REUNIÓN	DATA	HORA	LUGAR
1ª	19.05.2018	12:00	SALA DE REUNIONS DE COMISARIOS DEPORTIVOS, sita en : NO AUTOBÚS DA F.G.A.
2ª		15:30	
3ª		18:30	
4ª	20.05.2018	12:30	
5ª		15:30	

ANEXO I

RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS:

- 1.- Por acordo Asembleario é normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2018 e seguintes: Unicamente se poderá participar/puntuar coa Licencia Autónoma Única, expedidas polas Federaci3ns Aut3n3micas de Automobilismo.
- 2.- Por acordo Asembleario, de 13 de xaneiro de 2007, a solicitude e obtenci3n de calquera tipo de licencia da F.G. de A. (Organizativa ou Participativa), implicar3 a cesi3n de forma expresa nas competici3ns oficiais, da "Federaci3n Galega de Automobilismo", a todo dereito de imaxe, que en todo caso deben considerarse cedidos 3 "Federaci3n Galega de Automobilismo" para a s3a venda, promoci3n, e difusi3n p3blica do Automobilismo Deportivo de Galicia.
- 3.- Para garantir a responsabilidade a que houbere lugar da Escudería organizadora, e do participante, e cubrir os danos que se puideran ocasionar nos labores de asistencia, a Xunta Directiva-Comisi3n Delega aprobou a seguinte normativa de obrigado cumprimento que estar3 vixente a partir da tempada 2018, inclusive, para as modalidades de Rallyes, Montaña, RallyMix, Autocross, Karting, Trial 4x4, Concentraci3ns, Rallyes 2ª Categori3a, Slalom, e outros eventos:
 - A.- Para cumprimentalas follas das inscripci3ns terase que indicalo nome, apelidos, e n3mero da licencia do membro que faga as labores de asistencia.
 - B.- O licenciado que se designe como asistencia, de cada participante, non pode desempeñar a mesma funci3n de asistencia para outro participante.
 - C.- Todo participante que non sinala na folia de inscripci3n o nome, apelidos, e licencia da s3a asistencia, nos termos antes establecidos ser3 penalizado no inicio das probas, nos Campionatos antes mencionados, coa non autorizaci3n a tomala sa3da.
- 4.- T3dolos Campionatos, Copas de Galicia, e F3rmulas de Promoci3n, a partir da tempada 2018, inclusive, ser3n considerados "OPEN".

ACORDO XUNTA DIRECTIVA-COMISI3N DELEGADA-ASEMBLEA

Que na reuni3n extraordinaria da "Xunta Directiva/Comisi3n Delegada da Federaci3n Galega de Automobilismo" adoptaronse os seguintes acordos por unanimidade:

- 1-Ratificanse no acordo adoptado polos 17 presidentes de Federaci3ns Aut3n3micas de automobilismo, adoptado na sede do C.S.D. na mañ3n do pasado 12 de Outubro de 2015.
- 2-Ratificanse no acordo de asemblea da R.F.E. de A., celebrada no sal3n de actos do C.S.D., na tarde do 12 de Outubro de 2015, sobre o preceio unificado e igual que ter3 que imperar en totalas expedici3ns da "Licencia Autónoma Única" polas 17 Federaci3ns Aut3n3micas.
- 3-Na reuni3n extraordinaria de Xunta Directiva/Comisi3n Delegada da "Federaci3n Galega de Automobilismo", adoptouse de forma un3nime o establecemento de que todos os Campionatos de Automobilismo de Galicia, na temporada 2018, sexan considerados "Open".Asimesmo dito organismo acordou establecer unha inscripci3n obligatoria os Campionatos para todos aqueles equipos e deportistas que ostenten licencia federativa expedida por calquera **Federaci3n Aut3n3mica que incumpra o acordo adoptado do preceio unitario das licencias, acordado e asinado, o pasado 12 de outubro de 2015 no C.S.D.**
- 4-O preceio de inscripci3n, para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo 2018, dos titulares de licencias expedidas polas Federaci3ns Aut3n3micas que non cumplan o acordo de unificaci3n do preceio de licencias **establ3cese en 190 euros**.
- 5-As licencias estatais da veciña Portugal ser3n validas para participar nos Campionatos de Galicia de Automobilismo sen ning3n tipo de restrici3n.
- 6-Dito acordo ser3 incluído no Anexo I do Anuario federativo, da "Federaci3n Galega de Automobilismo" 2018, e ser3 comunicado a t3dalas Federaci3n Aut3n3micas de Automobilismo do Estado espaol.
- 7-**Con esta medida pret3ndese evitar e corrixir a competencia desleal** do incumplimento que puidera derivarse do acordo de preceios de licencias distintos ou inferiores do adoptado no acordo un3nime dos presidentes de Federaci3ns Aut3n3micas e Estatal.
- 8-Asimesmo, e como se puxo de manifesto na Asemblea da "Real Federaci3n Espaol de Automobilismo", non ser3n expedidas nen admitidas, nen forman parte da regulamentaci3n deportiva da "Federaci3n Galega de Automobilismo", as licencias (ER, COR, PPP, PPC, JOM, PPK), que non ser3n expedidas, nen poden ser aceptadas para participar en competici3ns oficiais que se celebren en Galicia, posto que, trat3ndose de Licencias que otorgan dereitos restrinxidos a deportistas, oficiais, etc., e que non permiten a s3a integraci3n plena na "Federaci3n Galega de Automobilismo", incumpren o disposto na Lei 3/2012, de 2 de abril, do Deporte de Galicia.
A mencionada Lei 3/2012 establece no seu Art3go 28, en canto a expedici3n e contido das licencias, no seu apartado terceiro, que no caso das licencias federativas, 3stas otorgan3n o seu titular a condici3n de membro da correspondente Federaci3n deportiva galega, que o habilita para participar nas s3as actividades deportivas e competici3ns, e acredita a s3a integraci3n na Federaci3n deportiva correspondente, con dereito a voto, e ser elexible, nos procesos electorais da "Federaci3n Galega de Automobilismo".
As licencias que esta Federaci3n non pode expedir, por aplicaci3n legal, impiden que os seus titulares se intregren, con plenos dereitos, na "Federaci3n Galega de Automobilismo"



Escudería A. Ferrol

ANEXO II

FOLLAS DE RUTA (ROAD-BOOK) STANDARD

CONDICIONS OBRIGATORIAS

- 1.- O sentido de lectura será de arriba hacia abaixo.
- 2.- A unión das follas efectuarase con unha espiral plástica ou metálica que permita una apertura de 360° e sexa resistente a numerosas manipulacións.
- 3.- Ó principio das follas de ruta deberá figurar unha páxina explicativa cos símbolos utilizados (alo menos en dous idiomas en probas internacionais).
- 4.- Indicarase unha referencia para calibrar o conta-kilómetros.
- 5.- Na parte superior ou inferior das follas deberá figurar o número da etapa, sección e sector, o tempo impartido, o kilometraje e eventualmente os controles de paso.
- 6.- Cada páxina será numerada. A numeración será progresiva nun mesmo exemplar.
- 7.- Cada información será numerada e separada da seguinte por unha línea horizontal, volvendo a cero a numeración despois de cada control horario.
- 8.- As informacións muy próximas, e decir, con distancia inferior a 100 m, non serán separadas entre sí.
- 9.- Toda información que non poida ser fácilmente identificable dende a carretera deberá aparecer entre paréntesis.
- 10.- Para cada control horario, control de paso, saída e chegada dos treitos cronometrados, reproduciranse os signos normalizados pola F.I.A. e indicarse con precisión a localización dos controles.
- 11.- As sinais de tráfico reproducidas deberán corresponder o seu emprazamento exacto sobre a ruta.
- 12.- Os principais paneis de cambio de dirección que existan na ruta, deberán aparecer encuadrados, e si ai un cambio de dirección, coa flecha sinalando a dirección real.
- 13.- A localización dos diferentes controles terá que ser indicada con precisión.
- 14.- Cada sector comenzará nunha páxina nova.
- 15.- Os treitos cronometrados deberán resaltar do resto do texto (por exemplo cun recuadro).
- 16.- En cada dibuxo, o punto de orixen situarase na parte inferior.
- 17.- Os paneis de dirección que non correspondan á ruta a seguir, pero que sirvan de referencia, deberán aparecer tachados.
- 18.- Sinalaranse os lugares que precisen dunha atención particular con un, dous ou tres signos de exclamación.
- 19.- A presentación de cada páxina deberá ser suficientemente ampla.
- 20.- Autorízase un máximo de seis dibuxos por páxina.
- 21.- As indicacións deberán ser fácilmente lexibles (tendo en conta que poderán ser utilizadas pola noite dentro dun vehículo en marcha).
- 22.- Nas follas de ruta, os puntos de seguridade deberán estar sinalados polo seguinte signo:



- 23.- A saída, e a meta dos treitos e os parques pechados e de traballo, deberán estar sinalados con latitude e lonxitude.

SUXERENCIAS:

- 1.- Indica-la velocidade media dos treitos de enlace.
- 2.- Indicar nos treitos cronometrados o mellor tempo realizado en edicións precedentes do RallyMix.
- 3.- Facer figurar os puntos de referencia ben diferenciados (ex. panel de entrada a un casco urbán).
- 4.- Sinalar os cambios de piso (de asfalto a terra, de terra a asfalto) por un dobre trazo de línea vertical.

Todo-los puntos que non se describen, se deixan a liberdade do Organizador.



Escudería A. Ferrol

MODELO DE FOLLA DE RUTA (ROAD-BOOK)

4º RALLYMIX A GUDIÑA			Distancia	Tiempo Ideal	Media
Páx	ETAPA	1ª e 2ª	Kms.		
	SECCIÓNS	1ª, 2ª, 3ª, 4ª e 5ª	ROAD BOOK LIBRO DE SEGURIDADE		
DISTANCIA		DIRECCIÓN	INFORMACIÓNS		DISTANCIA A SAÍDA
TOTAL	PARCIAL				
0,150 Kms.	0,150 Kms.	1 TREITO NEUTRALIZADO (P. TRABALLO A SAÍDA TC-1) 		SAÍDA DE P. DE TRABALLO A SAÍDA TC-1 ASFALTO 	0,150 Kms.
0,080 Kms.	0,080 Kms.	2 		TREITO NEUTRALIZADO (P. DE TRABALLO A SAÍDA TC-1) ASFALTO 	0,070 Kms.
0,150 Kms.	0,070 Kms.	3 		SAÍDA TREITO CRONOMETRADO ASFALTO 	0,000 Kms.
0,000 Kms.	0,000 Kms.	4 Rua Corredoira - A GUDIÑA SAÍDA  42° 03' 25.59"N 7° 08' 56.70"O	  	SAÍDA TREITO CRONOMETRADO ASFALTO 	DISTANCIA A META 11,250 Kms.
0,050 Kms.	0,050 Kms.	5  GARDA CIVIL MOITO OLLO	 	CAMIÑO VECINAL (TC-1) ASFALTO 	11,200 Kms.



ANEXO III

TERMINOLOXIA

Sector de enlace	Itinerario comprendido entre dous controis horarios sucesivos.
Sección	Conxunto de sectores de enlace comprendidos: <ul style="list-style-type: none">- entre a saída dunha etapa e o primeiro reagrupamento.- entre dous reagrupamentos sucesivos.- entre o último reagrupamento e a chegada dunha etapa do RallyMix.
Etapa	Cada unha das partes do RallyMix separadas por unha parada de alo menos oito horas, ou por unha parada alo menos igual á duración do percorrido efectuado, si éste e inferior a sete horas.
Neutralización	Tempo durante o cal os equipos son parados pola organización, por calqueira razón.
Reagrupamento	Detención prevista pola organización para permitir por unha parte a volta ao horario teórico, e por outra parte reagrupar os equipos que quedan en carreira. Os tempos de detención poden ser diferentes para os equipos.
Parque Pechado	Zona na que ningunha reparación nin intervención e posible, salvo nos casos expresamente previstos polos Regulamentos dos Campionatos de Galicia e polo regulamento particular da proba.
Complemento	Boletín Oficial que forma parte integrante do regulamento particular da proba e está destinado a modificar, precisar ou completar a éste último. Os Complementos son publicados pola organización, ata o día das verificacións. Deben ser sometidos a aprobación pola F.G.A., salvo no que respecta a eventuais modificacións do itinerario. Os Complementos deben estar numerados e fechados. Os Concursantes ou membros dos equipos deben acusar recibo mediante asinamento.
Carnet de Control	Carnet destinado a recoller os visados dos diferentes controis establecidos no itinerario. Este Carnet debe ter unha páxina por sector. Debe preverse un Carnet de control distinto para cada unha das seccións.
Treito cronometrado	Proba de velocidade en carretera, pechada ao tráfico normal.

ANEXO IV

ENCARGADO DAS RELACIONS COS CONCURSANTES

MISIONS PRINCIPAIS

Informar a os concursantes e estar con eles en permanente contacto.

Este cargo terá que ser ocupado obrigatoriamente por un oficial poseedor de licenza expedida pola Federación Gallega de Automobilismo, pois implica un perfecto coñecemento da regulamentación xeral. Poderá asistir as reunións do Colexo de Comisarios Deportivos a fin de poder estar informado de todas as decisións tomadas.

A persoa nomeada para as Relacións cos Concursantes debe estar claramente identificada para os pilotos, por eso e convinte:

- 1) Que leve unha identificación chamativa.
- 2) Ser presentado a os concursantes durante un briefing.
- 3) Incluir a súa fotografía e o seu número de teléfono móbil no regulamento particular, ou nun complemento.
- 4) Poderá ser auxiliado por un adxunto.

PRESENCIA DO MESMO DURANTE O DESEÑO DA PROBA

O Secretario do meeting, ao abrir a secretaría da proba, debe facer un planning dos lugares nos que estará presente o encargado das relacións cos concursantes, planning que se colocará no taboleiro oficial da proba, e no que se indicará a súa presenza obrigatoria en:

- As Verificacións Administrativas
- As Verificacións Técnicas
- A Secretaría do meeting
- A Saída da proba
- Os Parques de Reagrupamento
- Os Parques de fin de etapa
- A proximidade do Parque Pechado cando a chegada do RallyMix (na medida das súas posibilidades, dependendo do horario do RallyMix).

Función

- Dar a os que o soliciten, respostas precisas as cuestións que se plantexen.



- Dar tódalas informacións ou calquera precisión complementaria relativa á regulamentación e ao desenrolo da proba.

Finalidade

Evitar que as demandas cheguen ata o Colexio de Comisarios Deportivos, sempre que se poidan dar explicacións correctas, e solicitudes satisfactorias, para evitar as reclamacións (ex. Precisa-las dudas dos tempos efectuados polos concursantes coa axuda dos cronometradores).

O encargado das relacións cos concursantes, absterase de utilizar palabras ou dar opinións que poidan suscitar polémica.

ANEXO V

1) ORGANIZACION XERAL DA SEGURIDADE

a) Plan de Seguridade: Debe realizarse un Plan de Seguridade que conteña:

O lugar de ubicación da Dirección de Carreira.

O nome dos diferentes responsables:

- Director de Carreira.
- Directores de Carreira Adxuntos.
- Coordinador Médico.
- Xefe de Seguridade.
- Responsables de Seguridade (en cada treito cronometrado).

Os directores dos diferentes servizos de seguridade:

- Garda Civil.
- Vehículo de rescate.
- Hospital.
- Servicio Médico de Urgencia.
- Bombeiros.
- Servicios de grúas.
- Centros asistenciais.

Itinerario completo con detalle dos sectores de enlace.

Plans de seguridade do treito cronometrado.

b) Xefe de Seguridade Vial: No Regulamento particular do RallyMix nomearase un Xefe de Seguridade Vial, que formará parte do Comité de Organización e participará na realización do plan de seguridade.

Durante o RallyMix estará en permanente contacto coa Dirección de Carreira, o Coordinador Médico e a saída do treito cronometrado (por teléfono e por radio).

Estará encargado da aplicación do Plan de Seguridade e estará asistido en cada treito cronometrado por un Responsable de Seguridade que deberá efectuar a inspección da súa proba e certificar a súa conformidade có Plan de Seguridade.

c) Control: O control do funcionamento das disposicións de seguridade obrigatorias estará baixo a responsabilidade do Director de Carreira.

2) SEGURIDADE NOS TREITOS CRONOMETRADOS

a) Servizos de asistencia: Na saída de cada treito cronometrado:

- 1 vehículo de rescate.
- 2 ambulancias equipadas. (1 UVI Móbil, e unha asistenciais).
- 1 equipo de socorristas.
- 2 grúas.
- 1 servizo de bombeiros.

Nun punto intermedio para as probas de máis de 10 km.:

- 1 médico.
- 1 ambulancia equipada.
- 1 equipo de socorristas.

Dacordo coa perigosidade, estes mínimos incrementaranse :

- récord do treito entre 100 e 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias.
- récord do treito superior a 110 km/h, o dobre do mínimo de ambulancias máis un médico reanimador.

Caso de non dispoñer do récord del treito, a Organización deberá dispoñer os medios para cubrir calquera posible emerxencia. Asimismo deberá funcionar un sistema de comunicación de forma que a Organización poida informarse con rapidez e actuar con eficacia ante calquera posible incidente ou accidente.

b) Medidas preventivas. Sinalización: As carreteras e camiños de acceso aos treitos cronometrados deberán estar pechados á circulación.

Intervención: Sobre o percorrido estableceranse postos de Comisarios con obxecto de:

- Facer respetar os lugares prohibidos aos espectadores, coa axuda de carteles, cintas, pitos e altavoces.
- Sempre que sexa posible, advertir ós equipos por medio de bandeiras amarelas.



Información: Unha información destinada principalmente ao público realizarase por distintos medios:

- Periódicos, revistas, radio e televisión.
- Tablóns con avisos.
- Distribución de folletos.
- Paso polo percorrido dun vehículo equipado con altavoces que permitan informar ao público (de 45 minutos a 1 hora antes da saída do 1er. vehículo).

c) Vixilancia: Os vehículos da Organización (vehículos de seguridade) deberán levar un cartel de 36 cm x 50 cm sobre o capó dianteiro e sobre as dúas portas dianteiras, no que apareza a palabra SEGURIDADE, cun número 0 (peche dos treitos), e co número 00 (apertura dos treitos). O vehículo escoba de fin de Rallye deberá levar un cartel das mesmas dimensións sobre o que figurará unha bandeira a cadros ou no seu defecto, levar una bandeira a cadros. Como mínimo haberá dous vehículos de seguridade dos que, polo menos, un será conducido por un oficial con gran experiencia en Rallyes, o que, poderá dar toda a información que sexa precisa e si e necesario, avisar ao Director de Carreira de calquer incidente. Unha rede de radio (con unha implantación alo menos cada 3 kms), específica para o treito cronometrado, permitirá o seguimento dos vehículos e a vixilancia do desenrolo do RallyMix.

d) Evacuación: Debe preverse un itinerario de evacuación para o treito cronometrado. Os servicios de urxencia dos hospitales deben estar en estado de alerta.

3) SEGURIDADE NOS SECTORES DE ENLACE: O itinerario-horario deberá ter en conta as dificultades de circulación e a travesía de poblazóns e cidades.

O conductor e o copiloto deberán levar:

- casco homologado en todos os treitos cronometrados.
- roupa ignífuga homologada.
- cinturón de seguridade en todo o percorrido da proba.



ANEXO VI

PROBA : I RALLYMIX CONCELLO DE PONTEDEUME

**ITINERARIO
HORARIO**

NON SERÁ APROBADO NINGÚN REGULAMENTO PARTICULAR, QUE NON VEÑA ACOMPAÑADO DO LIBRO DE RUTA, MANUAL DE SEGURIDADE, E DA FOLLA DE SOLICITUDE DO TREITO E HORARIO DE PECHE PARA A CELEBRACIÓN DO RALLYMIX, ASINADOS POLO XEFE DE SEGURIDADE VIAL, DO DIRECTOR DA PROBA, E DO PRESIDENTE DA ESCUDERIA.



ANEXO VII

CARAVANA RALLYES:

En tódolos rallyes a celebrar en Galicia muda a caravana de vehículos oficiais, quedando da seguinte maneira:

Megafonía: Sairá ó treito, para informar ós espectadores, 40 minutos antes da saída do número 1.

Xefe de Seguridade Treito: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discurrirá polo treito antes da hora de peche, para acomete-lo cierre e certificar ó Xefe de Seguridade Vial a idoneidade e excelencia da seguridade e peche do treito.

Observador Federación: Sairá diante do Xefe de Seguridade Vial para comproba-lo peche e os medios do treito.

Xefe de Seguridade Vial: Estará debidamente acreditado no número de participante, e discurrirá polo treito, despois de ser informado amplamente polo Xefe de Seguridade do Treito, e comprobar que todo está en perfecto orden para o inicio do treito.

Director de Proba na estrada. Vehículo "0" (Verde): Despois de ser informado polo Xefe de Seguridade Vial do rallye dará a orden oportuna para que inicie a súa andadura polo treito o Xefe de Seguridade Vial, e de seguido sairá o mesmo para comprobalas medidas (Protección Civil, Corpos e Forzas de Seguridade do Estado, Radio Aficionados, Bandeiras, Comisarios de Peche de beirarruas, Bombeiros, etc.), e o chegar ó final do treito e comprobalas medidas anteditas, vía radio ou teléfono, dará a orde oportuna para que o comisario de saída inicie a súa función.

Vehículos participantes: Acatarán as ordes do Comisario de Saída, e sairán cunha cadencia de 60 segundos a participar no treito.

Xefe de Seguridade Treito: Calquera incidencia ou accidente, ocorrido no transcurso do evento terá que consultar co Director de Proba, na oficina do rallye, para tomar as medidas que lle sexan ordenadas (evacuacións, excarcelacións, desordenes públicos, etc.), e ó telas subsanadas solicitará autorización, ó Director da Proba na oficina, para continuar co desenrolo do treito.

Escoba na estrada. Vehículo "00" (Bermello). Despois de finalizado o paso de todos os participantes, transcurrido o tempo regulamentado, saíra ó treito e recollerá os carnets de ruta dos participantes retirados no mesmo, quedando aberto o treito a circulación dos afeccionados despois do seu paso.

Advertencia: Ningún vehículo de competición poderá exercer as funcións da caravana do rallye quedando terminantemente prohibido utilízalos, así como da inhabilitación das licencias de piloto e copiloto para actuar nos vehículos anteditos. Todo o persoal que traballe na caravana do rallye terá que ter licenza de oficial CD para facelo seu cometido.

Comisarios Deportivos/Comisarios Técnicos: En todos os rallyes os Presidentes dos Colexios de Deportivos e Técnicos, terán que estar presididos coa cualificación, GA-CD1ª ou GA-XOC1ª, obrigatoriamente.

Nova normativa Comisarios Técnicos: Despois de finalizala súa tarefa, o Colexio de Comisarios Técnicos reunirse, e a tenor do estudio das follas de cor amarelo, emitirase unha acta-informe que grapada coas follas, serán entregadas polo Presidente do Colexio de Comisarios Técnicos, debidamente fechada e con hora de entrega, ó Presidente do Colexio de Comisarios Deportivos, con solicitude de sinatura-recibi da entrega na copia.